
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

ANO	(*) 2010	(*) PE403A 2009/84-5
Entidade	CEAMSA, S.A.	
Plan explotación ⁽¹⁾	ALGAS	
Réxime ⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade ⁽³⁾	A PÉ	

Especies	<i>Chondrus crispus, Mastocarpus stellatus, Gigartina sp, Fucus sp, Gelidium sp,</i>
Ambito do plan	Toda o litoral de Galicia
Subzonas de explotación	Zonas rochosas intermareais

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariascadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción											
											96
Epoca y zona probable de extracción ⁽⁵⁾											
Modalidade (3): A pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura			
Especies	A pé (Mariscador/día (peso húmido)	Embarcación/día	Tripulante/día
No mes de marzo	200 kg	-	-
Resto do período	350 kg	-	-

Artes a empreñar	Recollida a man mediante corte do estipe
-------------------------	--

Puntos de control	Na empresa
Puntos de venda	Comercializada a través da rede propia da empresa

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr												
Zonas: _												

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arado												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións (9)

Ambito: non se concretan as zonas de explotación, solicitándose autorización para toda a costa galega. Dado que a actividade da empresa se concentra fundamentalmente nas zonas de A Garda-Baiona, Costa da Morte e Mariña lucense recoméndase que nos vindeiros plans se faga a previsión tendo en conta este aspecto.

Para a extracción no ámbito **do PN Illas Atlánticas** estarase ao disposto no informe ditado polo administración do parque.

A extracción de algas no ámbito da **reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos** farase de conformidade co establecido no *Plan de Xestión Integral* aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva (art. 7º do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, corrección de erros do 11 de marzo. De conformidade co establecido neste Plan, a extracción de algas non está permitida no ámbito da reserva.

A extracción de algas no ámbito da **reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira** farase de conformidade co establecido no *Plan de Xestión Integral* aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva. En tanto non se aprobe este Plan seguirán en vigor as normas de xestión que estivesen aprobadas e en vixencia e aquelas outras que se aproben no período.

O plan é coincidente tanto nas especies solicitadas como nas zonas con outros presentados polas confrarías de pescadores.

Especies:

As especies obxecto deste plan son maioritariamente *Chondrus crispus* e *Mastocarpus stellatus*. Ambas as dúas son habituais nas nosas costas, situándose *Chondrus* no litoral inferior ata o infralitoral de costas expostas; nas zonas protexidas forma unha banda xusto por debaixo de *Mastocarpus stellatus* que é máis frecuente na franxa litoral de zonas expostas ou semiexpostas.



A produción estimada para o ano 2009 é de 1290 Tm repartidas entre *Chondrus crispus*, *Fucus sp*, *Gelidium sp*, e *Gigartina sp*.. Da solicitude despréndese que tan só usan *Chondrus crispus* para a súa actividade, aínda que tamén inclúen nas súas previsións os xéneros *Gelidium* e *Fucus*.

Participantes: non se inclúe relación de recolectores a pé.

As persoas que realicen a recollida a pé deberán estar en posesión do permiso de explotación de marisqueo a pé en vigor ou ter unha relación contractual coa empresa, debidamente acreditada.

Solicitudes de apertura deberán dirixirse ao servizo de Marisqueo da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños na forma e prazos previstos na Orde pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2010.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos recursos é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das zonas nas que se está a extraer. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento da explotación deberán ser remitidos regularmente ao servizo de Marisqueo da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, de xeito que **coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.**

Informe do P.N. Illas Atlánticas (9 de decembro de 2009):

Para a extracción de algas no ámbito do P.N. debe cumprirse as seguintes consideracións:

- Soamente se permite a extracción de algas alóctonas e recoméndase que se centre na recolección de wakame (*Undaria pinnatifida*), especie alóctona e así contribuír a evitar a súa presenza no Parque Nacional xa que é unha especie introducida sen interese ecolóxico para o P.N.
- Que a recolección de algas se realice manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque
- Que sexa respectado o compromiso de non extraer as seguintes especies de algas que teñen un importante valor ecolóxico: *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedale*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *Laminaria saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus* e *Himanthalia elongata*.